



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA: LINGUA GALEGA

CURSO: TERCEIRO

ANO ACADÉMICO: 2020/2021

ÍNDICE

CONTEXTO	p. 3
ALUMNADO	p. 3
OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO.....	p. 4
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	p. 5
METODOLOXÍA PRESENCIAL	p. 11
METODOLOXÍA NON PRESENCIAL	p. 12
AVALIACIÓN	p.13
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	p.15
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	p. 27
AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	p. 27
AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	p. 28
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	p. 29
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	p. 31
CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO	p. 31

✓ CONTEXTO

- CENTRO:

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria. O alumnado pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en práctica en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- ALUMNADO
Hai un total de 47 alumn@s

Poboación inmigrante: non temos neste curso

Alumnado con NEAE no curso actual: seis alumn@s

Outras características: grupos recién formados, despois de estar agrupados dun xeito na Ed. Infantil e doutro xeito nos cursos 1º e 2º. Estamos traballando na idea de colectivo. Non hai problemas de discriminación por razóns de raza, sexo, relixión,...que se tiveran detectado no pasado curso nin no que leva transcorrido deste.

- **OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

✓ SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Segundo a adaptación feita no terceiro trimestre do curso anterior, o alumnado non ten ningún estándar imprescindible pendente de traballar e avaliar. Dadas as semellanzas co currículo propio de terceiro de primaria, traballaremos dende as aprendizaxes previas adquiridas para profundar máis nos distintos temas.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, as aprendizaxes colaborativas, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

2.2 1ª AVALIACIÓN, 2.3 2ª AVALIACIÓN, 2.4 3ª AVALIACIÓN... táboa que segue

Área de LINGUA GALEGA - 3º NIVEL

UNIDADE			TEMPORALIZA
---------	--	--	-------------

TEMÁTICA / PROXECTO	CONTIDOS	CONTIDO	MATERIAIS	CIÓN	
				MES	N.º de SE SIONS
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR					
DURANTE TODAS AS UNIDADES	B1.1	Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral, específica e relevante, sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun breve resumo.	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto • Textos e materiais seleccionados polas titoras • Recursos multimedia 	TODO O CURSO	
	B1.2	Uso de documentos impresos, dixitais e audiovisuais para obter, informacións relevantes para realizar tarefas de aprendizaxe.			
	B1.3	Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase).			
	B1.4.	Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas, respectando as e opinións de quen fala e sen interrupcións inadecuadas.			
	B1.5	Participación e cooperación nas situacións comunicativas (expresións espontáneas, informacións, conversas reguladores da convivencia, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, posturas e xestos adecuados).			
	B1.6	Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: entoación, ritmo e xestualidade.			
	B1.7	Produción de textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación social coa axuda de modelos sinxelos e en situación de simulación.			

	B1.8	Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.			
	B1.9.	Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.			
	B1.10	Uso, de forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.			
	B1.12	Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.			
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER					
DURANTE TODAS AS UNIDADES	B2.1	Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte e regras de xogos.	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto • Textos e materiais seleccionados polas titoras • Recursos multimedia 	TODO O CURSO	
	B2.2	Comprensión de información xeral en textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.			
	B2.3.	Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descrições, instrucións e explicacións).			
	B2.4	Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información, identificando e interpretando os datos que se transmiten mediante sinxelos gráficos e ilustracións			
	B2.5.	Subliñado e resumo da información relevante dun texto sinxelo adecuado ao seu nivel.			
	B2.6	Iniciación ás estratexias de control do			

		proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).			
	B2.7	Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter información e modelos para a lectura.			
	B2.8	Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos sinxelos en galego adaptados á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.			
	B2.9	Uso da biblioteca respectando as súas normas de funcionamento e valorándoa como fonte de información e de ocio e participación en actividades literarias.			
	B2.10	Valoración das normas de funcionamento da biblioteca como recurso para acceder facilmente a información moi variada e manter un ambiente agradable de traballo e lecer.			
	B2.11	Mantemento adecuado da súa biblioteca persoal.			
	B2.12	Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de e de lecer.			
	B2.13	Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.			
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR					
DURANTE TODAS AS UNIDADES	B3.1	Uso das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto • Textos e materiais seleccionados polas titoras • Recursos multimedia 	TODO O CURSO	
	B3.2	Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións..., de acordo coas características propias destes xéneros.			
	B3.3	Composición de textos de información sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, en situacións reais ou simuladas.			

	B3.4	Producción de textos relacionados co ámbito académico para comunicar información (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións).			
	B3.5	Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics.			
	B3.6	Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.			
	B3.7	Utilización de elementos gráficos e paratextuais sinxelos, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).			
	B3.8.	Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.			
	B3.9	Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención, de reelaboración da información e dos coñecementos e de expresión creativa.			
BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA					
DURANTE TODAS AS UNIDADES	B4.1	Uso e identificación intuitiva de terminoloxía moi elemental nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes e formas verbais	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto • Textos e materiais seleccionados polas titoras • Recursos multimedia 	TODO O CURSO	
	B4.2	Uso das normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.			
	B4.3	Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados.			
	B4.4	Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.			
	B4.5	Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da			

		composición escrita.			
	B4.6	Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa), en relación coa composición de textos.			
	B4.7	Uso do dicionario, en papel ou electrónico, de xeito guiado			
	B4.8	Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas básicas, en relación coa comprensión e coa produción de textos.			
	B4.9	Valoración da lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.			
	B4.10	Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos, recoñecer as posibles interferencias e lograr unha competencia comunicativa integrada.			
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA					
DURANTE TODAS AS UNIDADES	B5.1.	Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto • Textos e materiais seleccionados polas titoras • Recursos multimedia 	TODO O CURSO	
	B5.2	Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.			
	B5.3.	Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses do alumnado.			
	B5.4.	Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.			
	B5.5.	Lectura guiada de poemas, de relatos e de obras, recoñecendo as características dalgúns modelos.			
	B5.6	Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos,			

		estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.			
	B5.7	Dramatización e lectura dramatizada de situacións de textos literarios.			
	B5.8	Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.			
	B5.10.	Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.			

✓ METODOLOXÍA PRESENCIAL

- Aspectos xerais:

Metodoloxía activa e participativa. Presentación das unidades a través da audición e lectura en voz alta de textos de diferente procedencia (libro de texto, textos periodísticos de natureza oral/escrita, fragmentos literarios...).

Comprensión lectora, reflexión sobre o contido e expresión oral sobre os textos.

Resolución das actividades propostas en gran grupo ou individualmente. O desenvolvemento de actividades en pequeno grupo queda supeditada á evolución durante o curso da pandemia.

- Estratexias metodolóxicas

- ✓ Activación de coñecementos previos e presentación dos contidos da unidade a través da exposición da mestra e de recursos multimedia, sempre que sexa posible.
- ✓ Proposta de actividades para automatizar os procesos.
- ✓ Utilización ao longo do curso de textos e actividades realizado polas mestras que favoreza o pensamento crítico e a creatividade.
- ✓ Utilización de recursos multimedia.
- ✓ Potenciación do uso das tics na área a través de propostas de actividades en rede

- **Exemplo de secuenciación de traballo na aula**

- Presentación da unidade.
- Escrita e/ou lectura de textos e comprensión/reflexión sobre o seu contido.

- Exposición dos contidos de cada apartado e automatización dos contidos/ procesos a través da proposta de actividades.
- Participación do alumnado na corrección e reflexión das actividades propostas.
- Revisión e reforzo dos procesos que non estean adquiridos de xeito individual e/ou colectivo.
- Proposta de creación textual e posta en común na aula.
- Avaliación da unidade
- Propoñer traballo para a casa sempre que non se rematou o proposto na aula, ou cando se estime axeitado para complementar
- Outras decisións metodolóxicas: tentar facer propostas de traballo que poidan ser asumidas por TODO o alumnado
- Agrupamentos: no principio do curso distribución individual
- Tempos: os que marcan os horarios de Centro, con flexibilidade
- Espazos: básicamente a aula, a biblioteca, a aula de informática e o espazo exterior do Centro

✓ METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- Plataforma de ensino: Aula virtual do Centro
- Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia: Webex
- Plataforma/medio de comunicación coas familias: Abalar ou correo electrónico
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:
 - * plan de traballo semanal editado cada luns
 - * resolución, envío e corrección diaria das tarefas que correspondan
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:
 - * tentar que poidan lograr conectividade

* envío de tarefas por outros medios

✓ AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización: na última semana de setembro

Tipo de proba (descripción): conversacións orais

Mecanismo para informar ás familias: reunións virtuais

Consecuencias dos resultados das probas: coñecer de maneira aproximada o punto do que parte cada alumn@ para traballar dende aí.

- AVALIACIÓN CONTINUA

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.) : ao rematar cada bloque de traballo , de maneira aproximada cada mes

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...) : cada tarefa terá un valor predeterminado (habitualmente será con referencia a 10 puntos), e a cualificación será proporcional á corrección do traballo realizado polo alumnado.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información : a implicación d@ alumn@, o seu esforzo, o recoñecemento das dificultades individuais, a súa capacidade para transmitir e poñer en práctica os coñecementos adquiridos, a orde e sistemática nas tarefas.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...) : será a media aritmética dos rexistros das diversas tarefas ; tamén terá valor o redondeo á alza según a apreciación das fortalezas e dificultades persoais de cada alumn@.

6 . CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Área de LINGUA GALEGA – 3º NIVEL

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PESO %	COMPETENCIAS CLAVE
	1º T	2º T	3º T				
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR							
LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe.	x	x	x	*Escala de valoración *Probas escritas *Traballos	Comprende un texto sinxelo	1%	1. CCL 2. CAA
LGB1.1.2. Identifica <i>quen, que e onde</i> nunha noticia.	x	x	x		Entende unha noticia	0,5%	1. CCL 2. CAA
LGB1.1.3. Elabora un breve resumo, a partir de preguntas, dun texto oral sinxelo e valora os informativos da radio e da televisión como fonte de información.	x	x	x		Elabora resumos de textos orais	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
LGB1.2.1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria.	x	x	x		Manexa documentos sinxelos para obter información	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
LGB1.2.2. Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe	x	x	x		Selecciona informacións para aprender	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA

							▪ CSIEE
LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.	x	x	x		Conversa cos iguais	1%	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión.	x	x	x		Segue unha exposición e pregunta	0,5 %	▪ CCL ▪ CAA
LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.	x	x	x		Produce textos orais sinxelos	1%	▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA
LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.	x	x	x		Participa no traballo en grupo	0,5 %	▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCL
LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.	x	x	x		Atende as intervencións dos demais	0,5 %	▪ CCL ▪ CSC
LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.	x	x	x		Respecta opinións	1%	▪ CCL ▪ CSC
LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	x	x	x		Respecta quendas de palabra	1%	▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA
LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en					Utiliza o galego para	1%	▪ CCL

calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	x	x	x		comunicarse na aula		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
LGB1.5.4. Emprega unha postura e xestualidade que transmite predisposición para interactuar cos demais.	x	x	x		Interactúa cos demais	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
LGB1.5.5. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.	x	x	x		Exprésase con corrección	0,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC
LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	x	x	x		Formula e contesta preguntas na conversa	0,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
LGB1.6.1. Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.	x	x	x		Usa vocabulario conforme á súa idade	0,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
LGB1.6.3. Aмосa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitadas e propias da lingua galega.	x	x	x		Amosa un discurso oral claro	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
LGB1.7.1. Elabora textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación.	x	x	x		Elabora textos comunicativos sinxelos	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
LGB1.8.1. Aмосa respecto ás ideas e achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	x	x	x		Respecta as ideas dos demais	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE

LGB1.9.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.	x	x	x		Interésase por expresarse correctamente	0,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CSIEE
LGB1.10.1. Usa, de forma xeral, unha linguaxe non sexista.	x	x	x		Usa linguaxe non sexista	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
LGB1.10.2. Identifica o uso de linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	x	x	x		Identifica a linguaxe sexista	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
LGB1.12.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	x	x	x		Identifica o galego oral en contextos profesionais	0,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
LGB1.12.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	x	x	x		Recoñece a validez da lingua galega	0,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CSC
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER							
LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	x	x	x	*Escala de valoración *Probas escritas *Traballos	Comprende información de textos sinxelos	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC
LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).	x	x	x		Identifica ideas principais nun texto	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.	x	x	x		Selecciona información nun texto sinxelo	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
LGB2.1.4. Interpreta, personificacións e					Interpreta	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

hipérboles en textos sinxelos.	x	x	x		personificacións en textos sinxelos		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
LGB2.1.5. Identifica a estrutura xeral dun texto.	x	x	x		Identifica a estrutura xeral dun texto	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
LGB2.1.6. Emprega o dicionario, de xeito guiado, para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.	x	x	x		Emprega o dicionario	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.	x	x	x		Comprende a información de sinxelos gráficos	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CMCT
GB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.	x	x	x		Subliña ideas principais	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.	x	x	x		Realiaz resumos	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
LGB2.4.1. Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.	x	x	x		Deduce o contido dun texto coas imaxes e o título	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión,cando é preciso.	x	x	x		Marca palabras clave nun texto	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
LGB2.5.1. Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter	x	x	x		Utiliza as tic´s de xeito guiado	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

información e modelos para a lectura.							<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA
LGB2.5.2. Utiliza de xeito guiado dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.	x	x	x		Utiliza dicionarios dixitais dun xeito guiado	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE
LGB2.6.1. Descodifica sen dificultade as palabras.	x	x	x		Descodifica palabras	1%	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.	x	x	x		Le textos sinxelos en voz alta	2 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
